



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE MARZO DE 2012**

### **LICENZAS**

#### **EDIFICACIÓN.-**

LIC/181/2012.- ALVARO NOYA PENA.- Conceder licenza de Legalización de edificación auxiliar no lugar de Portela de Vilvestro.

LIC/281/2012.- JULIO TOJO ALONSO.- Conceder licenza para Rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Laraniño, 41.

#### **OUTRAS OBRAS**

LIC/1229/2011.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para reparación e mellora das carpinterías exteriores do Colexio de Fonseca.

LIC/807/2008.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para substitución de ventás do Claustro Alto do Colexio de Fonseca.

#### **PARCELACIÓNS.-**

LIC/316/2012.- DAVID DOPAZO PEREZ.- Conceder licenza de parcelación, previa agrupación, das fincas números 2680 e 2681 do Plan xeral de concentración parcelaria de Eixo-Marrozos.

LIC/1838/2011.- VIEITES IGLESIAS MARIA MILAGROS.- Corrixir erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xaneiro de 2012.

#### **PRÓRROGAS.-**

LIC/375/2012.- JUSTINO PEDRO POZO.- Conceder prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 03/03/2009 para construción dun galpón en Camiño dos Vilares, 244.

LIC/322/2012.- PROMOCIONES GUADALUPE NORTE, SL.- Conceder prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 10/02/2009 para construción dunha vivenda unifamiliar.

LIC/257/2012.- AMABLE COTON ALBOR.- Conceder prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26/05/2009 para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Sabugueira-Sionlla.

#### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

LIC/374/2012.- JESUS LOPEZ DOCE.....LIC/1764/2002..... 3.137 €

LIC/254/2012.- COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA.....LIC/54/2002..... 3.000 €

#### **4.- Transmisión de licenza de autotaxi nº 118 a favor de MANUEL PENA DUARTE**

A XGL aprobou a transmisión da licenza de taxi nº 118.

#### **5.- Transmisión da licenza de autotaxi nº 52 a favor de M. PAZ JUNQUERA LEON**

A XGL aprobou a transmisión da licenza de taxi nº 52.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a realización do deseño e execución do estudo "Marco conceptual para o desenvolvemento de políticas de atracción e promoción da implantación de novas empresas e a creación de emprego".**

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Benestar para a elaboración dun estudo que pretende analizar o mercado e os factores que inciden no desenvolvemento de políticas de atracción e promoción para a implantación de novas empresas e a creación de emprego.

Os obxectivos son: analizar as políticas de atracción de investimentos, analizar as experiencias exitosas de programas de atracción de investimentos, identificar as mellores prácticas e deseñar unha proposta de acción. Este estudo sera realizado pola empresa SINGULAE S.L., por un importe de 12.000 €.

#### **7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á contratación dunha asistencia técnica.**

A XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Deportes, a contratación dunha asesoría técnica para colaborar no servizo de posta en marcha dos programas deportivos municipais e na elaboración e definición dun Plan deportivo para a época estival. O período de traballo será do 15 de marzo ó 14 de novembro. Esta asistencia será realizada pola empresa Servicios y Materiales S.A por un importe de 20.237,08 €.

#### **8.- Proposta da alcaldía relativa á corrección de erros no acordo nº 47 de data 05.03.2012.**

Á vista dos erros detectados no acordo 47 da XGL anterior, a XGL aprobou a proposta da Alcaldía para rectificar os mencionados erros. Desta maneira proponse o seguinte:

Primeiro.- Anular a asignación do nome de José Villar Granjel para a rúa E do SUNP-25-ROXOS, xa que este nome xa figuraba no Rueiro Municipal.

Segundo.- Asignar á rúa E do SUNP-25-ROXOS o nome de Rúa de José Luís Pensado Tomé.

Terceiro.- Anular a asignación do nome Ceuta para a rúa D do SUNP-31-SAN MARCOS, xa que este nome xa se lle asignou na anterior Xunta de Goberno Local á rúa F do SUNP-6.2-PERI 5-SAN LÁZARO.

Cuarto.- Asignar o nome de Rúa Cantabria á rúa D do SUNP-31-SAN MARCOS.

#### **9.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a USC para a realización de prácticas de alumnos que participan no curso de posgrao "MASTER EN PROTOCOLO E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS MA15".**

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Persoal relativa a un Convenio de colaboración no que o Concello se compromete a facilitar os medios necesarios para que os alumnos do máster da USC "Protocolo e Relacións Institucionais MA15" poidan realizar as prácticas no Concello.

#### **10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á recepción das obras de urbanización do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20). Amanecida.**

Recíbense as devaditas obras.

#### **11.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da composición do xurado do V premio Internacional "Compostela" de albums ilustrados. A XGL aprobou o xurado do V Premio Internacional Compostela de albums ilustrados.**

Apróbase a composición do xurado, que queda do seguinte xeito:

Presidente: Xerardo Conde Roa. Por delegación, Ángel Currás.

Felicidad Orquín, crítica e investigadora en literatura infantil e editora.

Xan López Domínguez, ilustrador galego de literatura infantil, de gran proxección internacional.

Juana Vázquez, é mestra en activo dende 1983. Responsable da posta en marcha das bibliotecas escolares no CEIP Présaras e do CEIP José Cornide (A Coruña).

Representantes das entidades convocantes:

Concello: Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez, Xefe do Departamento de Educación.

Kalandraka Editora: Manuela Rodríguez.

Secretaría Técnica: Beatriz Varela Morales, Técnica de Educación do Concello.

### **URXENCIAS**

1.- Solícitanse subvencións á Deputación da Coruña para varios programas municipais por parte dos departamentos de Educación, Centros Socioculturais, Deportes, Igualdade e Promoción Económica.

2.- Apróbase a delegación de firma para Francisco Noya como concelleiro delegado de Festas.

3.- Adxudícase o contrato de dinamización dos centros socioculturais durante dous anos á empresa AristiBarca por importe de 1.635.000 euros máis IVE.

4.- Revógase a autorización das horas de Belvís para proceder á nova adxudicación. Ábrese un prazo de 10 días para a presentación de solicitudes.